

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL  
E MARIÑO

**12754** *Real decreto 1304/2009, do 31 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 1481/2001, do 27 de decembro, polo que se regula a eliminación de residuos mediante o depósito en vertedoiro.*

O Real decreto 1481/2001, do 27 de decembro, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro, incorporou ao ordenamento xurídico español a Directiva 1999/31/CE do Consello, do 26 de abril de 1999, relativa á vertedura de residuos.

Trascorrido certo tempo desde a entrada en vigor deste real decreto, faise necesario proceder á súa modificación para corrixir algunhas deficiencias na transposición, postas de manifesto pola Comisión Europea.

Esta modificación consiste, por unha parte, en incluír como requisito previo á concesión dunha autorización para un novo vertedoiro, ou para a ampliación ou modificación dun existente, a comprobación, por parte das autoridades competentes, de que o proxecto de vertedoiro cumpre con todos os requisitos e obrigas establecidos no Real decreto 1481/2001, do 27 de decembro, incluídos os seus anexos.

Por outra parte, e co obxecto de dar cumprimento ao mandato da Directiva 1999/31/CE do Consello, do 26 de abril de 1999, que establece que os Estados membros porán en vigor as disposicións legais, regulamentarias e administrativas necesarias para dar cumprimento ao disposto nela como máis tarde o 16 de xuño de 2001, cómpre incluír unha nova alínea no artigo 15 do citado real decreto, en virtude da cal será de aplicación aos vertedoiros que solicitasen ou obtivesen autorización entre o 16 de xullo de 2001 e o 30 de xaneiro de 2002.

Este real decreto ten a consideración de lexislación básica sobre protección do ambiente, de acordo co artigo 149.1.23.<sup>a</sup> da Constitución.

Na súa elaboración foron consultados as comunidades autónomas, os entes locais e os axentes económicos e sociais interesados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 31 de xullo de 2009,

## DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1481/2001, do 27 de decembro, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro.*

O Real decreto 1481/2001, do 27 de decembro, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro, queda modificado nos seguintes termos:

Un. Introdúcese unha nova alínea f) no número 1 do artigo 9 coa seguinte redacción:

«f) Sen prexuízo do disposto nos números 4 e 5 do artigo 3, o proxecto do novo vertedoiro, ampliación ou modificación dun existente, cumpre todos os requisitos e obrigas establecidos neste real decreto, incluídos os seus anexos.»

Dous. Engádesse un novo número 4 no artigo 15 coa seguinte redacción:

«4. O disposto neste real decreto será de aplicación aos vertedoiros que solicitasen ou obtivesen autorización entre o 16 de xullo de 2001 e o 30 de xaneiro de 2002.»

Disposición derradeira primeira. *Fundamento constitucional.*

Este real decreto ten a consideración de lexislación básica sobre protección do ambiente, de acordo co artigo 149.1.23.<sup>a</sup> da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado no Consulado Honorario de España en Funchal o 31 de xullo de 2009.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,  
e Medio Rural e Mariño,  
ELENA ESPINOSA MANGANA